



Estaba un cura no outro pueblo e un amigo del pois mandoulle a un rapaz alí do pueblo cunha cesta de queixos. E decíalle, e mandaba... unha tarde que xa era tarde e díxeralle vou ao pueblo a donde o cura, era xa de noite. El mandáballe unha cesta de queixos e na cesta metéralle unha carta e decíanlle que lle iban oito queixos na cesta. E o outro comeulle un queixo no camiño e decía, despois chegou alí e só iban sete queixos na cesta. E chegou onda o cura e decíalle el, que era así medio tonto coma o José da Apeneira, así... e decíalle:

- Pero, ¿cómo es esto, cómo es esto? si en la cesta vienen siete...
- Si señor, siete.
- ...y en la carta vienen ocho. ¿Cómo es esto?
- Si señor, ocho. (Risas)
- Pero como es... Diga, explique usted como es eso, en la cesta vienen siete...
- Si señor, siete.
- ...y en la carta vienen ocho.
- Si señor, ocho.

Bueno. E despois quedouse alí, porque era noite, quedouse a dormir alí na casa do cura. E con eso o cura, despois prepararon a cena e... e comeu o cura e a ama e a el non lle deron nada. E con eso, despois cando estaban comendo díxolle:

- Oe, oe, ¿y qué hay de nuevo por tu pueblo?
- Oiu señor, haille unha cabra que pariu e trouxo tres cabritos.
- Hombre, eso no puede ser. Si la cabra no tiene más que dos tetas, entonces... y tiene tres cabritos... Entonces mientras dos maman, ¿el otro que hace?
- Mirar, tamén miro eu a ustedes como están comendo. (Risas)

Decíanlle, decíanlle polo lumbre, polo lumbre decíanlle:

- ¿Y como se llama esto en tu pueblo?
- Pois... chámase lumbre.
- Aquí no se llama lumbre, aquí se llama esclarencia.

E polo gato decíanlle:

- ¿Y esto en tu tierra como se llama?
- Pois na miña terra chámase gato.
- Pois aquí no se llama gato, aquí se llama cuidados.

E pola casa decíanlle:

- ¿Y esto como se llama en tu tierra?
- Pois... chámase a casa, a casa do cura.
- Pois aquí no se llama casa, aquí se llama cachapallo.



E polo... por outra cousa que non me acorda... pola auga, decíanlle:

- ¿Y como se llama esto en tu pueblo?
- Auga.
- Aquí no se llama auga, aquí se llama abundancia.

Todas as cousas llas dicía. E polo cura... pola ama do cura, decíalle:

- ¿Cómo se llama esto en teu pueblo?
- Pois chámanlle a ama do cura.
- Aquí no se llama así, se llama *Próximas Vuestras*.

E polo cura decíalle, a ver como se chamaba alí:

- Pois chámase o cura do pueblo, o señor cura.
- Aquí no se llama señor cura, aquí se llama *Perum Cristo Domini Nostrum*.

Despois el foi apuntando, apuntando e despois marcháronse á cama eles, marcharonse á cama a el deixaron na cociña. E pasou, mirou o liño antes de faiado (que foi o que trouxen de alí) onde o deixaron, foi e mirou aquí un escalón para subir para o faio (era o escalón da mai Salvadora, aínda o ten na casa o Octavio...) (...)

E preguntoulle como lle chamaba aquilo pra subir para o faio e díxolle:

- Un escalón.

E decía el:

- Esto se llama portalencias.

E vai el mirou cara arriba e había uns ... de liño alí, no faiado, e os outros marcharonse á cama e el quedou na cociña. E que fizo? Colleu unha estriga daquelas e atoulla ao gato no rabo e prendeulle fogo. E ao prenderlle fogo, colleu o gato meteuse polo escalón arriba e ao faiado, onde estaba o outro liño e ao pasar ardendo, que eso arde..., ao pasar ardendo ca estriga no rabo prendeu fogo os outros, o outro que había alí. E díxolle, ardía a casa, despois o outro chamaba:

- *Perum Cristo Domini Nostrum, Perum Cristo Domini Nostrum*, ergueivos de prisa con *Próximas Vuestras* que vai cuidados polas portalencias arriba ca esclarencia no rabo. Mire que lle arde o cachapallo!

E o cura decíalle:

- Pida auga, hombre. Pida auga!

E el salía á porta:

- Abundancia! Abundancia! Que arde o cachapallo ao *Perum Cristo Domini Nostrum!*
Abundancia! Que arde o cachapallo do *Perum Cristo Domini Nostrum!*

E a xente como non entendeu, ardeulle a casa.